



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA POLA QUE SE DISPÓN A SUSPENSIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE ACADÉMICA DOCENTE .

De acordo co establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID -19 (apartado f do anexo único da resolución do 12 de marzo de 2020, DOG núm.49 bis) e en virtude das competencias que ostento como director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública,

RESOLVO:

1. **Suspender de xeito temporal, dende o 13 de marzo ata nova indicación, toda actividade formativa da Academia Galega de Seguridade Pública**, tanto a efectuada na súa sede como todos os cursos descentralizados nas diferentes provincias.

Suspéndese igualmente o plan de adestramento coa arma regulamentaria, e a cesión do uso da galería de tiro para a realización de prácticas por persoal da seguridade pública, así como as visitas escolares e as xuntanzas programadas na sede da Agasp.

2. O alumnado do curso selectivo de acceso a escala básica, categoría de policía correspondente a **12ª promoción de policía local de Galicia, incorporárase a partir do luns, 16 de marzo aos seus concellos de procedencia** e comezarán as prácticas de dito curso, de xeito extraordinario, como apoio ante esta situación de contención e alarma sanitaria.

O servizo de formación en Seguridade Pública da Agasp tutelaré ao alumnado e coordinará coas xefaturas dos corpos das policía locais a organización deste período de prácticas, que fará computo no propio curso selectivo.

A data da súa reincorporación ao curso teórico na Agasp indícase aos concellos e posteriormente, publicarase no DOG, a resolución que modifique a convocatoria deste curso no relativo as datas dos períodos teóricos e de prácticas.

3. Comunicar aos concellos de destino do alumnado da 12ª promoción de policía local de Galicia esta resolución e publicala na páxina web da Agasp: www.agasp.xunta.gal para coñecemento de todo o alumnado dos cursos de formación continua e demais interesados/as.

Na Estrada, a 13 de marzo de 2020

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

